

OS LIBROS, COLUMNA VERTEBRAL DUNHA CULTURA

[Pregón lido na inauguración da Feira do Libro, o 13 de xu-
llo de 1983, na Alameda de Vigo]

Atopámonos no recinto pulmonar da cidade. Vimos agora ao espazo máis transparente da convivencia urbana, compartindo a respiración coas frondes e os paxaros, cal se o home e a Natureza fosen hoxe convocados polo libro. É dicir, por unha das más esgrevias creacións do home, quizá a más alta, na que o pensamento do autor tamén canta entre as follas, aínda sexan de papel. [...]

Falemos do que o libro representa como froito onde se combinan o pensamento, a sabedoría, a imaxinación, a información, a arte. Para mim os libros considerados en conxunto, non son máis nin menos que a columna vertebral dunha cultura. Unha columna articulada e medulada pola lingua. Por ese supremo ben de Deus, que Galiza inventou hai dezasete séculos, erixíndose en filla pri-

moxénita da primeira lingua do mundo antigo, que foi o latín.

Non podemos esquecer que a nosa foi lingua malfadada, aínda tendo chegado a lingua de Reis e de Imperios. Lingua malfadada no propio chan. Cristo das linguas, como algúñ díá lle chamou Cuve. Pasa todas as probas da hospitalidade e resiste, e hoxe a tendes aquí, gozando dunha primavera florida nos estantes, enchendo os taboleiros da Exposición que estamos a inaugurar.

Dixemos que os libros forman a columna vertebral dunha cultura. O símil aínda presta máis. Até pode recibir unhas primeiras clasificacións semellantes ás do noso sistema corporal. Hai libros cervicais, dorsais, abdominais... Libros de filosofía, de ensaio, de ficción..., que entrarían na primeira categoría. Libros de ciencia, de economía, de derecho, de tecnoloxía..., que poderían figurar no segundo rango. E libros de cociña, de caza, do agro, da pesca..., que poden formar no terceiro.

Á marxe de toda clasificación empírica hai outros libros: os de poesía, os da mística... que pola súa natureza refusan todo encasillamento.

Como galegos podemos hoxe nos chamar felices ao contemplar o auxe crecente do noso libro. Mais sen esquecer que non abonda con ter acada-

do a simple multiplicación de títulos. Temos que loitar pola segunda dimensión. A dimensión da profundidade, do calado na realidade galega, da calidade e o alento humano e social. Mais sempre procurando que o crecemento cultural sexa positivo e auténtico e non un aluvión perecedoiro da mediocridade.

Non podemos esquecer áinda que a nosa Terra, como a das outras nacionalidades ibéricas, está a saír dun túnel infracultural de corenta anos. Temos que reconstituír o ser enteiro e verdadeiro, histórico e moderno, do noso pequeno, mais para nós grande país. Temos de abordar unha reintegración a fondo do vello Reino de Galiza, á luz das novas ideas e a medida das novas escalas que se impuxeron no mundo contemporáneo. Quero dicir, e ogallá non o diga en baleiro, que estamos na obriga de abordar unha interpretación a fondo da nosa realidade social e do noso destino colectivo. Temos de elaborar unha nova doutrina de galeguidade, que non nos puideron deixar en herdo nin os Precursores da xeración de Rosalía e Murguía, nin os continuadores da xeración de Cabanillas e Castelao.

Aínda sendo moito, moitísimo, o que lles debemos, o mundo non parou no seu tempo. Cavilemos en que aínda sendo fértil e merecente das más

quentes louvanzas o moito que se está a escribir e publicar, aínda falta un longo camiño. Os grandes temas sociais de Galiza como grupo humano —a emigración, a intra-historia da Guerra Civil, o drama do vivir labrego, a epopea dos nosos mariñeirospescadores e tantos abordados. En canto á historia, non abonda con escribila reincidindo en pautas e límites consagrados. A historia hai antes que facela, con obras da maior transcendencia humana.

Temos, pois, na nosa cultura, flancos ao descuberto. Non os sinalo en xeito crítico, senón co acento do estímulo, como prospectiva de novas etapas. Principalmente para aquela que nos leve a construír un pensamento articulado e lúcido sobre o destino de Galiza no mundo contemporáneo e no porvir. Hai que pasar da perspectiva saudosa na que tantos anos estivemos ancorados, arrolados polas musas tradicionais, para nos incorporar a unha prospectiva progrediente e criadora. Aquela que a terra e os tempos piden.

Galiza é a *mater* inesgotábel dunha comunidade lingüística que logo abranguerá 150 millóns de falantes en catro continentes. Este feito non pode subestimarse no futuro, como con cegueira se veu subestimando até hoxe. O mellor mercado potencial do libro galego abarca ao Brasil e ao antigo imperio

portugués, africano e asiático. Nesta inmensa área está o futuro da produción literaria galega.